AS PERSOAS QUE ASINAMOS ESTE DOCUMENTO, RESIDENTES DAS DIFERENTES ESPECIALIDADES E UNIDADES DOCENTES DO SERGAS,
DIANTE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
QUEREMOS MANIFESTAR:

1º. Que son cada vez máis os problemas laborais e asistenciais cos que nos atopamos no desempeño das nosas funcións e obrigas, sen que teñamos ata agora vias claras de resolución.

2º. Que o intento de regulación da nosa situación a través do decreto actualmente en fase de tramitación por parte do Ministerio de Sanidade é totalmente insuficiente e non conta ademáis con máis apoios cos das propias Administracións Sanitarias.

3º. Que a aplicación dos dereitos e garantías que queremos que se recollan nesa regulación laboral son competencia directa da Consellería e do Sergas, e por tanto é necesario abordalas neste ámbito á maior brevedade.

Por elo, reclamamos das Administracións Sanitarias galegas:

1. A urxente **apertura dunha mesa de negociación** cos sindicatos representativos para tratar dos problemas dos residentes da nosa Comunidade Autónoma.
2. A inclusión nesa negociación das **reivindicacións que queremos prantexar** en materia de retribucións, xornada, dereitos sociais, actividades formativas, e desempeño de funcións e responsabilidades.

NOME E APELIDOS	ESPECIALIDADE	UNIDADE DOCENTE CENTRO	SINATURA